



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 9 DE XULLO DE 2013.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as dez horas do día nove de xullo do ano dous mil trece, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo **Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:**

- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo González**
- **D. Antonio Lomba Baz**

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.- Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES.-

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 14 e 25 de xuño de 2013, ó que responden negativamente os concelleiros presentes en cada unha delas polo que as referidas actas foron aprobadas, coa abstención dos concelleiros ausentes en cada unha delas.

PUNTO 2.- ACORDOS

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases do XXII Concurso de Figuras de Area que se celebrará o 14 de xullo de 2013 na praia do Muiño, no Concello da Guarda.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



Visto o expediente correspondente ó proxecto "Ruta Ornitolóxica" así como as autorizacións das entidades e administracións titulares dos terreos polos que discorre dita ruta, a Xunta de Goberno Local acorda **poñer a disposición da Axencia de Turismo de Galicia os terreos obxecto desta obra.**

Lese o escrito RE 3.640 de data 1 de xullo de 2013, presentado por DNA. MARÍA MERCEDES CORDERO GONZÁLEZ, con enderezo na rúa Manuel Alvarez, nº 10-2ºD da Guarda, solicitando que se lle faga unha media ponderada do consumo de auga dende o 2º trimestre de 2011 ata o 1º trimestre de 2013 xa que nese periodo non se realizaron as lecturas trimestrais correspondentes.

A Xunta de Goberno Local acorda que se lle emitan os recibos pola media ponderada de consumo dende o 2º trimestre de 2011 ata o 1º trimestre de 2013.

A Xunta de Goberno Local, vista a proposta do Departamento de Cultura para fixar un prezo de venda do catálogo da exposición "Xoan Piñeiro. Taller e artista" en 8 euros a unidade, acorda aprobar a súa venda no prezo proposto.

Dáse conta das cotas que deben pagar os usuarios do servizo de Axuda a domicilio correspondentes o mes de xuño de 2013 cuido importe total ascende a cantidade de 871,54 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cotas e dar traslado á tesourería.


Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de XUÑO DE 2013 que ascenden á cantidade de 1.420,96 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



Dáse conta do escrito RE 3.664 de data 2 de xullo de 2013, presentado por POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA, S.L., comunicando, en cumprimento da Ordenanza Xeral Reguladora da Actividade Funeraria, a nova tarifa que rexerá os servizos fúnebres e tanatorio da Guarda a partirm do día 1 de xullo de 2013.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Vista a Resolución do 18 de xuño de 2013 da Axencia de Turismo de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

- solicitar unha subvención para a contratación de un técnico de turismo ao abeiro desta convocatoria e financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ata o importe total da execución prevista.
- A disposición de financiamento para as partidas orzamentarias que sexan financiadas.
- Contratar un titulado medio co seguinte cadro de retribucións segundo o convenio colectivo provincial de oficinas e despachos 2009 - 2012 publicado no BOP nº 187, do 28 de setembro de 2011:

Salario	Parte prop. Pagas extra	Suma conceptos salariais	Cotización empr. a S.S.	Salario + S.S.
1.018,52	339,51	1.358,03	435,93	1.793,96

Lese o escrito RE 3.581 de data 27 de xuño de 2013, presentado por D. MIGUEL ALONSO VICENTE, en representación da Comisión Organizadora das Festas da Virxe do Carme, solicitando:

- Que se lles facilite o guindastre municipal e un operario para colocar as bandeiras no porto o día 4 de xullo.
- Instalación de palco municipal o día 14 de xullo para un concerto de rock e se deixe instalado ata o día 16 de xullo.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



- Que se lles facilite un camión e un chófer para o traslado de cadeiras para a celebración da Santa Misa.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a solicitude, e dar traslado ó operario municipal.

Lese o escrito RE 3.629 de data 1 de xullo de 2013, presentado por D. MANUEL CASTRO VICENTE, en representación de ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA O CANCELÓN, con enderezo a efectos de notificacións na rúa Transv. Troncoso, nº 3 da Guarda, solicitando autorización para a instalación do alumeadado e banderola das Festas do Monte nos báculos das farolas.

A Xunta de Goberno Local acorda denegar a solicitude de instalación do alumeadado das festas nos báculos de luz pública polo que os arcos non poderán ir suxeitos neles.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 28 de xuño de 2013, comunicando a sentenza dictada o 10 de xuño de 2013 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 257/12 entablado por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro contra a resolución presunta de denuncia urbanística presentada o 5 de maio de 2011 pola concesión de licencia de parcelación o 10 de decembro de 2010 pola Xunta de Goberno Local a favor da Entidade Construcciones I e J Lima, S.L., no barrio de San Roque, interesando a revisión de oficio da mesma.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 28 de xuño de 2013 comunicando a sentenza dictada o 29 de maio de 2013 polo TSXG no recurso de apelación nº 7402/2013 entablado polo Concello da Guarda contra o auto dictado o 3 de decembro de 2012 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra na peza separada de execución de sentenza nº 37/08 dimanante dos autos do recurso contencioso-administrativo nº 100/02 entablado pola Xunta de Galicia contra o Decreto 258/02 do Alcalde de A Guarda e contra o acordo da Comisión de Goberno de A Guarda polo que se concedeu licencia de obras para unha vivenda unifamiliar a D. Roque Rodríguez.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Vista a proposta da Concelleira de Turismo, a iniciativa do comercio guardés, para a celebración do Mercado do Reló cunha periodicidade mensual en rúas céntricas da vila, e visto tamén o informe da Policía Local ao respecto, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a celebración deste mercado.

Lese o escrito RE 3.859 de data 8 de xullo de 2013, presentado por DNA. CLAUDIA SAVARIZ ALFONSO, con enderezo na rúa 1ª Transv. O Couto, nº 2 da Guarda, solicitando autorización para dispor da Praza de San Benito os días 20 e 21 de xullo para levar a cabo unha feira do libro con actuacións musicais e xantar. Solicita tamén 12 stands.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado pero non se lle da permiso para realizar a comida alí. Asimesmo recórdaselle que, no que respecta as actuacións musicais, deben aterse ao establecido na ordenanza municipal de ruidos.

Lese o escrito RE 3.721 de data 3 de xullo de 2013, presentado por ASOCIACIÓN CULTURAL FRIENDS MUSIC, con enderezo na rúa Mariano Ordóñez, nº 9 da Guarda, solicitando:

- Autorización para levar a cabo un concerto na Praza do Reló o día 12 de xullo de 2013.
- Palco para a actuación,
- Corte da rúa e cartelería de prohibición de estacionamento.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

Lese o escrito RE 3.762 de data 4 de xullo de 2013, presentado por D. ENRIQUE LOMBA VERDE, con enderezo na rúa Manuel Alvarez, nº 16, actuando en representación da Asociación Cultural Sopa de Sobre, con domicilio social na rúa Calvario, nº 12-2º da Guarda, solicitando autorización para dispoñer dos xardíns e dunha sala do Centro Cultural para levar a cabo a I Feira do Disco o día 10 de agosto de 2013. Ademais solicitan:

- Conexión á electricidade e auga



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



- 2 escanarios ou palco
- Contenedores de reciclaxe e vallas de separación
- Unha ambulancia

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado pero en canto as necesidades materiais se accederá na medida das posibilidades e tendo en conta a coordinación coa Asociación Cultural O Cancelón.

PUNTO 3.- ASUNTOS TRAIOS POR CONCELLEIROS

Lese o escrito RE 3.797 de data 5 de xullo de 2013, presentado por D. XAN LOIS LOMBA ALONSO- CONCELLEIRO DO BNG, solicitando que se tomen medidas encamiñadas a establecer un cinto de seguridade sen vexetación arredor do edificio Cancelón na rúa Coruña xa que actualidade as pólas das árbores invaden a parte traseira do inmovible.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se lle deu traslado á Policía Local para que identifique os propietarios das parcelas.

Lese o escrito RE 3.412 de data 22 de xuño de 2013, presentado por DNA. BEATRIZ ESTEVEZ ÁLVAREZ – CONCELLEIRA DE CG, solicitando acceso á documentación relativa á posta en marcha dun clube náutico no río Miño.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non existe documentación oficial polo rexistro de entrada do Concello en relación con este asunto e que deberá dirixirse ao Club Náutico de Camposancos e a Portos de Galicia para obter información.

PUNTO 4.- OBRAS MENORES

[Asiste o funcionario do Concello D. Jose M^a Álvarez Álvarez](#)

[A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisa-lo solicitante ó Concello con antelación suficiente.](#)



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



A D. FERNANDO ALONSO RODRÍGUEZ, R.E. Nº. 3.180 DE DTA 13 DE XUÑO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 1º TRV. SALGUEIRO Nº. 1 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 45,00 M². CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA E COLOCAR URALITA SOBRE AS VIGAS DE CEMENTO EXISTENTES E POBLADO DE TELLA NOVA, DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE 2º TRV. OLIVA Nº. 6, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

A D. FERNANDO ALONSO RODRÍGUEZ, R.E. Nº. 3.179 DE DATA 13 DE XUÑO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 1º TRV. SALGUEIRO Nº. 1 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA REPARAR PARTE DA CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 55,00 M². CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA PLANA E COLOCAR URALITA E POBLADO DE TELLA NOVA, DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE DONANTES DE SANGRE Nº. 17, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 4 DO P.X.O.U.).

A TURISMO PRAIA DO MUIÑO, S.L., R.E. Nº. 1.764 DE DATA 4 DE ABRIL DE 2013, E CON DOMICILIO NA PRAIA DE CAMPOSANCOS, S/N. DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA PECHE FRONTAL DA (PARCELA Nº. 45 DO POLÍGONO Nº. 31) NUNHA LONXITUDE DE 50,00 MTS. REALIZADO CON POSTES E MALLA CINEXÉTICA SITA NA RÚA DE TOMADAS, S/N., EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "BAIXADA Á PRAIA DO MUIÑO" DA PARROQUIA DE CAMPOSANCOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

A ASOCIACIÓN SAN XEROME EMILIANI, R.E. Nº. 3.202 DE DATA 13 DE XUÑO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE GALICIA Nº. 23 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA RETIRAR 4 BALCÓNS DE FERRO DA FACHADA PRINCIPAL PARA RESTAURAR, METALIZAR E LACAR DE COR BLANCO, DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE GALICIA Nº. 23 (COLEXIO SAN XEROME EMILIANI), EN SOLO URBANO (EQUIPAMENTOS).

A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS "EDIFICIO CASPE", R.E. Nº. 3.446 DE DATA 25 DE XUÑO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 5º TRV. DE OLIVA Nº. 2 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA RETIRAR CAEIRO ANTIGO EN TODO O PERIMETRO DO TELLADO, LEVANTANDO O ALEIRO DE TELLA E URALITA; PICADO DA ZONA DO CAEIRO PARA AUMENTO DE CESIÓN DE (30 A 90) E AISLANDO O CAEIRO DO FORXADO CUNHA TELA TRANSPARENTE PARA EVITAR CONDENSACIÓN; DISPOÑER DE



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



REBOSADEIRO A MODO DE GARGOLA NO EXTREMO DE CAEIRO, DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE 5º TRV. DE OLIVA Nº. 2, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

A CARABELOS ESTÉVEZ, S.L., R.E. Nº. 2.851 DE DATA 30 DE MAIO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE BRASIL Nº. 34 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR FENDAS EXTERIORES PARA POSTERIOR PINTADO EN FACHADA LATERAL NUNHA SUPERFICIE DE 105,00 M². DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE BRASIL nº. 34, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO DE "TABOLADO-FUNCHIDOS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

PUNTO 5.- OBRAS MAIORES

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do arquitecto técnico do Concello, acorda acceder ó solicitado polas persoas que se citan, tendo que cumpri-lo interesado as seguintes condicións:

1.- De conformidade co disposto no decreto 311/93, a vivenda terá que obter deste Concello, trala visita e informe técnico para o respecto, A LICENCIA DE 1ª OCUPACIÓN, requisito indispensable para ocupa-la vivenda; trámite este que se producirá con independencia da presente licencia, e que terá que ser solicitada ó Concello por vía de instancia oficial, facendo constar que a inexistencia da licencia de 1ª ocupación non permitirá a conexión ós servizos de auga, luz, etc., tendo que ser solicitados os citados servizos a través da correspondente instancia ó Concello, e unha vez obtida a licencia de 1ª ocupación.

2.- O titular da presente licencia de obras terá que colocar a pé de obra un cartel indicativo da mesma, de 1,20 x 0,85 mts, co núm. de licencia, data do seu outorgamento, redactor do proxecto e aparelador, así como nome e apelidos do propietario e mailo contratista da obra.

3.- A presente licencia caducará:

- Se transcorresen seis meses sen que as obras fosen iniciadas.
- Se as mesmas non se rematasen no prazo de 3 anos.

Ámbolos dous prazos contaránse a partir do día seguinte á notificación da presente licencia.

4.- Acórdase a aprobación provisional do Imposto de Construcións e Obras e Taxa de Licencia de Obras, segundo a autoliquidación practicada, podendo ser a mesma revisada polo Concello.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



- 5.- As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (Condições das obras en relación coas vías e servizos públicos) e 2.5.14 (valado das obras) recollidas no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.
- 6.- As obras autorizadas só poderán ser realizadas por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.
- 7.- Unha vez iniciadas obras e inmediatamente despois do enrase e formigonado da cimentación, polo propietario ou no seu caso polo contratista, solicitarase do concello a presenza do técnico municipal, para revisa-lo axeitado das obras á licenza concedida, o que se volverá a realizar unha vez executada a cubrición.
- 8.- A licenza outórgase sen prexuízo de terceiros.

A D^a. GLORÍA MARÍA CIVIDANES PORTELA RPRS. POR D. MAURO LOMBA MARTÍNEZ (ARQUITECTO), R.E. N.º. 502 DE DATA 31 DE XANEIRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE GENERAL GUTIERREZ MELLADO N.º. 8-6º DE PONTEVEDRA-C.P. 36001, PARA "REPARACIÓN E MELLORA DE VIVENDA UNIFAMILIAR" DESARROLLADA EN (PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA) SITA NA RÚA DE CODESAL N.º. 32 (A NORIA) DA PARROQUIA DE CAMPOSANCOS, EN SOLO NON URBANIZABLE DE PROTECCIÓN ECOLÓXICA (ORDENANZA N.º. 12 DO P.X.O.U.) E SOLO NON URBANIZABLE DE PROTECCIÓN DE COSTAS (ORDENANZA N.º. 15 DO P.X.O.U.).

Sendo as dez horas e cincuenta minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.